

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
contratacion@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Exp.: 2018/C003//000008

### PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATO DE OBRAS OBR. 14/2018 PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018

En decembro de 2017 foi redactado o proxecto técnico denominado "Mellora da capa de rodadura no vial municipal desde Bolón á Gándara (parroquia de Sofán)" polo enxeñeiro técnico industrial municipal, D. José M. Facal Fariña, , colexiado nº 1.281, cun orzamento de execución por contrata de 103.881,34 €, IVE (21%) incluído.

Este proxecto técnico foi aprobado polo Pleno Municipal na sesión ordinaria celebrada o 18/12/2017. Na mesma sesión plenaria foi aprobada a inclusión desta obra no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2018" da Deputación Provincial da Coruña.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria realizada o 16/05/2018 aprobou o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos) POS+2018, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario do 29/09/2017 e publicadas no BOP nº 188 do 03/10/2017. Mediante Resolución da Presidencia nº 21270 do 14/06/2018 considerouse definitivamente aprobado o Plan.

Segundo consta na "Circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal Plan único de Concellos (POS+ 2018) de data 21/05/2018 (R.E. nº 2018/4438 de 23/05/2018), a contratación farase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 27/04/2018, publicados no BOP nº 82 do 02 de maio de 2018 e na páxina web da deputación: [www.dacoruna.gal/contratacion/pregos-tipo](http://www.dacoruna.gal/contratacion/pregos-tipo).

Figura como Anexo I á devandita Circular o seguinte cadro de financiación desta obra:

Código	Denominación	Deputación	Concello	Total
18.2000.0152.0	Mellora c.rodaxe dende Bolón á Gándara (Sofán)	103.881,34 €	0,00 €	103.881,34 €

#### 1.- Xustificación da necesidade da contratación (art. 28 y 116.e LCSP).

Aos efectos esixidos no artigo 28 da Lei de Contratos do Sector Público, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer co contrato de obras que se pretende tramitar, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, especifícanse e xustifícanse na memoria do proxecto de obras en todo caso.

Polo tanto tramíttese polo Servizo de Contratación o correspondente expediente de contratación de obras con arreglo ás seguintes características:

#### 2.- Obxecto do contrato (art. 99 LCSP):

Execución das obras a que se refire o proxecto técnico da obra "Mellora da capa de rodadura no vial municipal desde Bolón á Gándara (parroquia de Sofán)" cun orzamento de execución por contrata de 103.881,34 €, IVE (21%) incluído, redactado polos enxeñeiros técnico industrial municipal D. José Manuel Facal Fariña, colexiado nº 1.281 de Coruña, en decembro de 2017. O citado proxecto inclúe as Prescricións Técnicas para a súa contratación.

#### 3.- Non división en lotes do obxecto do contrato (art. 116.g LCSP):

Vista a circular sobre a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos) 2018 POS+2018 de 21/05/2018 (R.E. 2018/4438 de 23/05/2018) xustifícase a non división en lotes desta obra polos seguintes motivos válidos:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
contratacion@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Exp.: 2018/C003//000008

- As Bases reguladoras do POS+2018 foron aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial na sesión realizada o 29/09/2017, polo tanto con anterioridade á da publicación da nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Os proxectos das obras foron redactados de acordo coas Bases reguladoras do POS+2018 e co entón vixente R.E. lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, que non prevían a división en lotes.
- A división en lotes tería un importe custe económico para os concellos e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote.
- Aínda que algúns proxectos inclúen distintos orzamentos parciais, existen partidas comúns a todas elas, como son as relativas a seguridade e saúde, a control de calidade, a xestión de residuos, e outros conceptos cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.
- Incrementaríase o número de expedientes de licitación, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
- A división en lotes suporía un retraso na adxudicación dos investimentos, e polo tanto na súa execución.
- A dirección técnica das obras e das subministracións complicaríase debido ao incremento do número de contratistas adxudicatarios e tamén se dificultaría a coordinación da execución dos investimentos.

#### 4.- Prezo do contrato (art. 102 LCSP):

Valor estimado do contrato (VEM)	85.852,35 €
IVE 21 %	18.028,99 €
Presuposto de Execución por Contrata (prezo base de licitación)	103.881,34 €

#### 5.- Valor estimado do contrato (art. 116.d LCSP)

No cadro de características do contrato que figura como anexo I ao prego de cláusulas administrativas particulares non se prevé a posibilidade de que este contrato de obras sexa modificado, polo que o valor estimado do contrato ascende ao importe total de 85.852,35 € (art. 101 LCSP).

#### 6.- Tramitación do expediente. Elección do procedemento de licitación (art. 116.a LCSP)

O expediente de contratación será tramitado de forma ordinaria.

O procedemento de adxudicación do contrato será o aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación, ao amparo do disposto nos arts. 131.2 e 156 da LCSP.

#### 7.- Clasificación. Medios de acreditar a solvencia técnica, económica e financeira (art. 116.b LCSP):

Segundo o valor estimado deste contrato de obras, non se esixe clasificación de contratistas (art. 77.1.a LCSP).

##### Clasificación substitutiva de solvencia:

A clasificación do empresario no seguinte grupo e subgrupo acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar:

**Grupo G (vías e pistas)**

**Subgrupo 6 (obras de vías sen cualificación específica)**

**Categoría "1"**

No caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a súa solvencia mediante a achega da documentación prevista no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación Provincial o 27/04/2018 e publicados no BOP nº 82 do 02/05/2018:

##### a) Solvencia económica e financeira

A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por calquera destes medios:

a) volumen anual de negocios, ou ben volumen anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas polo importe que sexa igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
contratacion@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Exp.: 2018/C003//000008

Considerarase acreditada a solvencia si o volume de negocios anual esixido é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato (25% VEC=21.463,09)

b) Patrimonio neto ao peche do último exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación de contas anuais.

Considerarase acreditada a solvencia si o importe do patrimonio neto é igual ou superior ao 25% do valor estimado do contrato (25% VEC=21.463,09 €).

c) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no presuposto do contrato.

Considerarase acreditada a solvencia si o seguro cubre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato (85.852,35 €).

### Acreditación documental:

A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante:

a) Volumen de negocios e patrimonio neto: A aportación das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estuvira inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais: A aportación de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais.

En todo caso, a inscrición no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflexado e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

### Acreditación da solvencia económica e financeira por calquera outro documento.

Cuando por unha razón válida, o operador económico non esté en condicións de presentar as referencias solicitadas polo órgano de contratación, autorizarase a acreditar a súa solvencia económica e financeira por medio de calquera outro documento que o poder adjudicador considere apropiado (art 86.1, párrafo 3.LCSP).

## b) Solvencia técnica

A solvencia técnica do empresario poderase acreditar por calquera destes medios, seguindo a enumeración do art. 88 da LCSP:

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución.

Estos certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras y se precisará si se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo término; en su caso, dichos certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media si esta é inferior ao valor estimado do contrato (70% VEC = 60.096,65 €).

b) Declaración indicando o personal técnico u organismos técnicos, estén ou non integrados na empresa, dos que ésta dispoña para a execución das obras acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras así como dos técnicos encargados directamente da mesma.

d) El apartado d) do art. 88 LCSP non será de aplicación no presente contrato, sen prexuízo do disposto no Anexo V do PCAP.

e) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondiente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) y e) cando o persoal técnico, e a titulación académica e profesional, da plantilla media sexa adecuada e proporcionada á natureza e presuposto da obra.

### Regra específica para as empresas de nova creación :

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) i e) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

### Integración da solvencia con medios externos.

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
contratacion@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Exp.: 2018/C003//000008

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basarse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recurra non esté incurso nunha prohibición de contratar e de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

### 8.- Criterios base para a adxudicación do contrato. (art. 116.c LCSP). Criterios sociais e medioambientais. (art. 1.3 e 145 LCSP):

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación. Ao tratarse dunha obra incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal Plan único de Concellos (POS+2018) da Deputación Provincial da Coruña, os criterios de ponderación e valoración do contrato son os recollidos no Anexo IV do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola Deputación Provincial o 27/04/2018 e publicados no BOP nº 82 do 02/05/2018.

Criterios de adxudicación Cláusula 15.1 e anexo IV do PCAP	
<b>FASE I</b>	
<b>1.- Criterios avaliados mediante un xuízo de valor e non avaliados mediante fórmula aritmética</b> Anexo IV, Fase I, PCAP:	
a) Plan de Control de calidade	Máx. 9 puntos
b) Programa de traballo	Máx. 20 puntos
c) Programa de actuación medioambiental	Máx. 6 puntos
d) Esquema do Plan de seguridade e saúde	Máx. 10 puntos
<b>Total criterios subxetivos:</b>	<b>Máx. 45 puntos</b>
<b>Umbral mínimo de puntuación:</b> As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na FASE 1, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da FASE 2 e do procedemento aberto con multiplicidade de criterios.	
<b>FASE II</b>	
<b>2.- Criterios avaliados mediante fórmulas</b> Anexo IV, Fase II, PCAP	
II.1 Oferta económica	Máx. 40 puntos
II.2 Estabilidade no Emprego	Máx. 9 puntos
II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	Máx. 3 puntos
II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	Máx. 3 puntos
II.3 Plan de Igualdade	Hasta 0 puntos
II.4 Incremento prazo de garantía	Hasta 3 puntos
<b>Total criterios objetivos:</b>	<b>Máx. 55 puntos</b>
<b>Total criterios de adjudicación:</b>	<b>Máx. 100 puntos</b>
<b>Criterio desempate.</b>	De conformidade co indicado na <b>cláusula 15.5</b> do PCAP

O criterio de "proposta de redución de prazos de execución" é de carácter específico, e non será obxecto de valoración neste contrato.

De acordo co anteriormente exposto:

- Certifíquese pola Intervención Municipal a consignación orzamentaria, incorporando a mesma ao expediente.
- Solicitase, no seu caso, a retención de crédito correspondente.
- Incorpórense o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, para a contratación deste contrato de obras, de acordo coas características antes sinaladas.
- Emítase informe xurídico ao prego.
- Emítase informe de fiscalización.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
contratacion@carballo.gal  
15100 CARBALLO  
A Coruña



Exp.: 2018/C003//000008

A Concelleira delegada de Contratación: Milagros Lantes Seara

Documento asinado dixitalmente na data que figura a marxe